



DOLLS

A mirada das que sobran

SINOPSE

INFORMACIÓN

AGULLA PRODUCCIONS

POR QUE DOLLS?

POSTA EN ESCENA

ESPAZO SONORO

FICHA ARTISTICA

DESCARGAS

CONTRATACIÓN

**AGULLA PRODUCCIONES
PRESENTA**



DOLLS

A mirada das que sobran

SINOPSE:

Unha escritora, Violeta Rivero, e o seu fillo repasan escenas da súa vida.

“Á diferenza é o que nos fai belas e únicas” Violeta Rivero dixit.

DOLLS fálanos nunha linguaxe teatral contemporánea de historias cotiás que pode vivir calquera de nos. Da man da comedia e baixo unha mirada lúdica e poética, ponse de relevo a vida das persoas LGTBI que perderon a liberdade, os seus soños ou mesmo a vida só por mostrarse diante da sociedade tal como son.

Dolls cóntanos con sketches diversas situacións ás que moitas veces vímonos sometidas, sempre cunha ollada irónica





DOLLS é unha comedia sen botella, pero con mensaxe para tod@s os públicos.

DOLLS fálanos de conciencia social, de respecto ás diferenzas do ser humano, e dun modo de enfrentarse ás circunstancias dentro dunha historia cotiá.

Unha creación chea de humor e humanidade.

INFORMACIÓN

DOLLS é un espectáculo de teatro contemporáneo de humor.

Para público familiar, a partir de 8 anos.

Duración: 60 min. apróx.

Formato: Mediano.

Idioma: Galego.

Persoal en xira: 1 actor, 1 técnico.

Espazo ideal 3.25 m de alto, 7 m de ancho, 5.5 m de fondo
(para outras condicións consultar posibilidade de adaptación)

Tempo de montaxe: 2 horas, tempo de desmonte 1 hora.

AGULLA PRODUCCIONES

É unha pequena compañía teatral nada na Coruña. O clown e a mensaxe, son o punto de partida e referencia na creación dos nosos espectáculos.

Traballos cheos de artesanía nos que pretendemos que o público se vexa reflectido nos seus defectos e nas súas virtudes, na súa humanidade. Heroes do cotián, transparentes que nos leven de viaxe entre a risa e a tenrura.



AGULLA fúndase no ano dun dos maiores desastres sanitarios a nivel mundial, con todo, a faísca que se acendeu pretende non apagarse e ir acumulando experiencias.

POR QUE DOLLS?

Á hora de abordar este proxecto sempre tiveron claro que a obra tería que ter unha mensaxe que me implicase como creador e intérprete. E que esas premisas lle permitira ao director, que tamén é creador do espectáculo, traducilo a imaxes, entón o texto convertécese nun elemento máis do xogo dramático, máis que como unha expresión verbal do que sucede na escena.

Despois dun longo traballo man a man con dirección sobre a idea básica da autoficción e a homofobia, concluímos que a poética, o aspecto lúdico debíamos conservalo, e xerar sobre iso as imaxes/escenas que fagan ao público reflexionar ante o visto.

DOLLS é a mirada das que supostamente sobran nesta sociedade, pero que teñen moito que dicir, e que como personaxe teatral resúltanos atractivo, divertido e enigmático.

Queríamos enfrontar ao noso protagonista coa súa historia, co que foi e as súas accións vividas. Que son as que moitos e moitas pasaron.



POSTA EN ESCENA

Hai dous mundos en DOLLS, o actor e o performer, o que vive o que lle sucede en cada escena e o que move eses mundos, o que dispón a escena para que ocorran. Daquela atopámonos con varios espazos escénicos recreando momentos concretos que esta historia nos conta.

ESPAZO SONORO

Trátase de recrear diferentes escenas ou situacións na vida deste personaxe que estarán marcadas por cancións ou sons que acompañan ás historias..





FICHA ARTÍSTICA

Interpretación e creación: **Jose Losada.**

Deseño iluminación: **Xose Leis e Agulla Produccións.**

Deseño escenografía e realización: **Carlos Rufo.** – Realización cartelería: **Lara Niel.**

Deseño espazo sonoro: **Agulla Produccións e Xosé Leis.**

Deseño vestuario: **Agulla Produccións** – Realización: **Fátima González.**

Deseño Gráfico: **Victoriano Rivero.**

Fotografía e video: **Daniel Viqueira.**

Dirección e creación: **Xosé Leis.**

Producción: **Agulla Produccións.**

Agradecementos voces: **Susana Abellán, Chus Álvarez, Manu Fernández, Josafat José, Daniel Otero, Victoria Pérez, Sergio Quintana, Sabela Quirós, Isabel Risco, Victoria Teijeiro, Isabel de Toro, David Vilares.**

Obra en residencia na **SALA GURUGÚ** da Coruña.

Estrea 23/12/2020 no Fórum Metropolitano, dentro do programa **CULTURA A CUBERTO** do Plan Dinamización Cultural do Concello de A Coruña.





DESCARGAS

DOSSIER - TEASER - FOTOS

<https://www.joselosada.net/galer%C3%ADa-video-fotos>

CONTRATACIÓN

Jose Losada

Tf. +34 619 752 783

www.joselosada.net

actor@joselosada.net

